

REGULAMENTO DE RECOÑECIMENTO E TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS ACADÉMICOS NAS TITULACIÓNS OFICIAIS DE GRAO E DE MESTRADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

(aprobado en Consello de Goberno do 25 de xuño de 2025)

[Texto consolidado]

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.....	2
TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS.....	3
Artigo 1. Obxecto	3
Artigo 2. Ámbito de aplicación	3
Artigo 3. Efectos económicos.....	3
TÍTULO II. RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS.....	3
Artigo 4. Definición	3
Artigo 5. Criterios xerais de recoñecemento	3
Artigo 6. Limitacións no recoñecemento de créditos	4
Artigo 7. Aplicación do recoñecemento de créditos no expediente académico.....	4
Artigo 8. Recoñecemento de créditos por estudos universitarios oficiais.....	5
Artigo 9. Recoñecemento de créditos pola participación en actividades universitarias	5
Artigo 10. Recoñecemento de créditos por outros estudos de educación superior oficiais.....	6
Artigo 11. Recoñecemento de créditos por estudos universitarios non oficiais.....	6
Artigo 12. Recoñecemento de créditos por experiencia profesional e laboral previa.....	7
Artigo 13. Recoñecemento de créditos cursados en estancias de mobilidade	7
Artigo 14. Recoñecemento de créditos por adaptación de estudos.....	8
Artigo 15. Recoñecemento de créditos en titulacións oficiais previas ao EEES	8
TÍTULO III. VALIDACIÓN DE ESTUDOS ESTRANXEIROS	9
Artigo 16. Recoñecemento de créditos por validación parcial de estudos cursados en titulacións estranxeiras	9
TÍTULO IV. TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS.....	10
Artigo 17. Definición	10

Artigo 18. Criterios xerais.....	10
TÍTULO V. PROCEDEMENTO DE RECOÑECIMIENTO E DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS.....	10
Artigo 19. Solicitude de recoñecemento e de transferencia de créditos.....	10
Artigo 20. Documentación para o recoñecemento e a transferencia de créditos.....	11
Artigo 21. Documentación para o recoñecemento e a validación parcial de estudos estranxeiros.....	12
Artigo 22. Tramitación, resolución e recursos no caso de recoñecemento de créditos	13
Artigo 23. Procedemento de transferencia de créditos	14
Disposición adicional	14
Disposición transitoria primeira	14
Disposición transitoria segunda.....	14
Disposición derogatoria.....	15
Disposición final	15

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanza universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade, determina que as universidades aprobarán normativas específicas para regular os procedementos de recoñecemento e transferencia de créditos académicos nos títulos universitarios oficiais conforme o disposto no real decreto.

Os procedementos de recoñecemento e de transferencia de créditos académicos nos títulos universitarios oficiais teñen por obxecto facilitar a mobilidade do estudiantado entre títulos universitarios oficiais españois, así como entre estes e os títulos universitarios estranxeiros.

En cumprimento do disposto no Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanza universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade, o Consello de Goberno da Universidade de Vigo, na súa sesión do 25 de xuño de 2025, acordou aprobar o Regulamento de recoñecemento e transferencia de créditos académicos nas titulacións oficiais de grao e de mestrado da Universidade de Vigo.

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto

Este regulamento ten por obxecto establecer a normativa aplicable ao recoñecemento e á transferencia de créditos nas ensinanzas oficiais de grao e de mestrado universitario na Universidade de Vigo, de acordo co previsto no Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

O disposto neste regulamento aplicaráselles ás titulacións oficiais de grao e de mestrado universitario impartidas nos centros propios e adscritos da Universidade de Vigo.

Artigo 3. Efectos económicos

O recoñecemento e a transferencia de créditos implican, de ser o caso, o aboamento dos prezos públicos determinados no Decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades públicas do sistema universitario de Galicia, e na Resolución reitoral pola que se aproban as Normas económicas derivadas da xestión académica de titulacións oficiais do curso académico correspondente.

TÍTULO II. RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS

Artigo 4. Definición

1. O recoñecemento de créditos consiste na aceptación por parte dunha universidade de créditos obtidos noutros estudos oficiais, na mesma ou noutra universidade, para que formen parte do expediente do estudantado para obter un título universitario oficial diferente do que proceden, distinguíndose entre unha titulación de orixe e outra de destino.
2. Tamén pode consistir na aceptación de créditos obtidos en ensinanzas superiores non universitarias, ensinanzas universitarias non oficiais, experiencia laboral ou profesional, actividades institucionais ou outras actividades académicas de carácter docente organizadas pola universidade, que se incorporan ao expediente do estudantado para obter un título oficial.

Artigo 5. Criterios xerais de recoñecemento

1. A unidade básica de recoñecemento é o crédito.
2. Deben recoñecerse materias ou disciplinas completas.
3. Con carácter xeral, para o recoñecemento de créditos terase en consideración a adecuación nos resultados da aprendizaxe, atendendo á coherencia académica e formativa dos coñecementos, ás competencias e ás habilidades que definen as materias ou disciplinas que se vaian recoñecer na titulación de orixe coas existentes no plan de estudos da titulación de destino.

4. As memorias de verificación de cada título deberán reflectir o volume de créditos susceptibles de ser utilizados nestes procedementos, e as condicións e as características xenéricas destes.
5. Os créditos recoñecidos ou transferidos serán recollidos no expediente do estudantado e no suplemento europeo ao título.
6. No caso das titulacións interuniversitarias deberá terse en conta, xunto coa normativa básica de carácter xeral, o disposto nos convenios específicos correspondentes.
7. Os centros poderán elaborar, actualizar anualmente e publicar na páxina web do centro, táboas de recoñecemento entre as titulacións impartidas na Universidade de Vigo e aquelas de procedencia para as que se soliciten recoñecementos. Estas táboas recollerán os recoñecementos aprobados polas comisións competentes en materia de recoñecemento.

Artigo 6. Limitacións no recoñecemento de créditos

1. Quedan excluídos do recoñecemento de créditos os traballos de fin de grao e de fin de mestrado, agás os que especificamente se desenvolvan nun programa de mobilidade.
2. Non poderán ser obxecto de recoñecemento de créditos as materias ou disciplinas superadas por avaliación por compensación, agás nos casos de adaptación ao novo plan de estudos da mesma titulación.
3. Só poderán ser obxecto de recoñecemento de créditos as materias cursadas e superadas en titulacións universitarias oficiais se pertencen a estudos do mesmo nivel ou superior, de conformidade cos niveis establecidos no MECES (Marco español de cualificacións para a educación superior).

Artigo 7. Aplicación do recoñecemento de créditos no expediente académico

1. Os créditos recoñecidos constarán no expediente académico do estudantado coa seguinte información:
 - a) Denominación da institución de ensinanza ou universidade de orixe.
 - b) Materias ou disciplinas recoñecidas na titulación de destino, coa mención «recoñecida», así como, de ser o caso, a denominación e o carácter das que foron obxecto de recoñecemento na titulación de orixe.
 - c) A cualificación obtida, de acordo co disposto neste regulamento.
2. As materias superadas como consecuencia dun proceso de recoñecemento figurarán, de ser o caso, coa cualificación das materias respectivas de orixe ou o seu equivalente no suposto de que o sistema de cualificación sexa diferente ao español.
3. Cando varias materias supoñan o recoñecemento dunha ou varias na titulación de destino, a cualificación corresponderá ao resultado da seguinte fórmula: suma dos créditos superados en cada materia multiplicados cada un deles polo valor das cualificacións que correspondan e dividida polo número de créditos totais desas materias.
4. De non constar a cualificación na materia de orixe, recollerase a cualificación de «Apto» e non

se terá en conta para calcular a nota media do expediente.

5. En todo caso, os créditos recoñecidos computarán para obter o título na titulación de destino.

Artigo 8. Recoñecemento de créditos por estudos universitarios oficiais

1. Poderán ser obxecto de recoñecemento os créditos superados en estudos universitarios oficiais españois ou noutros estudos universitarios oficiais impartidos por unha institución de educación superior estranxeira oficialmente recoñecida no seu país.

2. Serán obxecto destes procedementos ata a totalidade dos créditos de formación básica entre títulos do mesmo ámbito de coñecemento.

3. En titulacións grao, os créditos de formación básica de ámbitos de coñecemento diferentes, os créditos obrigatorios e os créditos optativos de materias do mesmo ou distinto ámbito de coñecemento poderán ser recoñecidos por créditos doutras materias do plan de estudos atendendo á coherencia académica e formativa, de acordo co sinalado no artigo 5.3.

4. No caso de estudantado que cursase estudos nun programa académico de simultaneidade de dobre grao, e renuncie a él para continuar nunha desas titulacións, poderá solicitar o recoñecemento das materias xa cursadas na titulación abandonada, aplicando os criterios indicados nos parágrafos anteriores.

5. No caso de estudos de mestrado universitario, o recoñecemento de créditos realizarase atendendo á coherencia académica e formativa de acordo co sinalado no artigo 5.3 e as limitacións do artigo 6.3

6. No caso de titulacións que habiliten para o exercicio dunha profesión regulada, debe garantirse que se cumpran as esixencias formativas requiridas pola normativa que a regule.

Artigo 9. Recoñecemento de créditos pola participación en actividades universitarias

1. O estudantado de grao poderá recoñecer créditos en relación coa participación en actividades universitarias de mentoría, aprendizaxe-servizo, ciencia cidadá, culturais, deportivas, de representación estudantil, asociacionismo universitario, solidarias, de cooperación e de creación de novas iniciativas sociais e empresariais. Do mesmo xeito, poderán ser obxecto de recoñecemento outras actividades académicas que, con carácter docente, organice a universidade.

2. Non poderán ser obxecto de recoñecemento, no seu conxunto, un número inferior a 6 créditos nin superior ao 10 % da carga lectiva total do título de destino.

3. Os créditos recoñecidos por estas actividades computaranse como créditos de materias optativas no correspondente plan de estudos.

4. O recoñecemento de créditos por realizar actividades universitarias rexerase polo establecido na normativa que regule o recoñecemento de créditos pola participación estudantil en actividades universitarias da Universidade de Vigo.

5. Estes créditos recoñecidos non contarán con cualificación numérica e, polo tanto, non poderán utilizarse no momento de baremar o expediente do estudantado.

Artigo 10. Recoñecemento de créditos por outros estudos de educación superior oficiais

1. En estudos de grao, poderán recoñecerse estudos de educación superior non universitarios que conduzan á obtención dos títulos oficiais de graduado/a en ensinanzas artísticas, técnico/a superior de artes plásticas e deseño e técnico/a deportivo superior, de acordo co disposto no Real decreto 1618/2011, do 14 de novembro, sobre recoñecemento de estudos no ámbito da educación superior, segundo o sinalado neste e no artigo 4 deste regulamento.
2. Igualmente, poderán ser obxecto de recoñecemento os estudos de técnico/a superior de formación profesional de acordo co disposto no Real decreto 822/2021 e no Real decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do sistema de formación profesional.
3. Unicamente poderán ser obxecto de recoñecemento as ensinanzas completas que conduzan aos títulos oficiais.
4. O recoñecemento de créditos cursados neste estudos realizarase conforme o disposto no Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo para o recoñecemento da correspondencia entre ciclos formativos de grao superior da formación profesional inicial e materias de estudos universitarios, e no Catálogo de validacións para técnicos/as superiores de formación profesional que accedan a estudos universitarios.
5. No caso de estudos que non aparezan reflectidos ou estean excluídos do convenio de colaboración ou do catálogo de validacións do parágrafo anterior, poderase solicitar individualmente o recoñecemento dos créditos que se considere oportuno, tendo en conta a similitude deles, conforme se determina no artigo 5.3.
6. As memorias de verificación deberán incluír o número de créditos recoñecibles por estudos de educación superior oficiais. A proporción de créditos recoñecibles nun título universitario oficial de grao, polo concepto descrito neste artigo, poderá acadar ata o 25 % da carga crediticia total desa titulación.
7. As materias recoñecidas incorporarán a cualificación da nota media obtida no ciclo formativo de grao superior de formación profesional.

Artigo 11. Recoñecemento de créditos por estudos universitarios non oficiais

1. Poderán ser recoñecidos os créditos superados e cursados en estudos universitarios non oficiais conducentes a titulacións propias das universidades, sempre que se mostre estreitamente relacionada cos coñecementos, competencias e habilidades propias do título universitario oficial, conforme se determina no artigo 5.3.
2. Unicamente poderán ser obxecto de recoñecemento os estudos universitarios non oficiais completos.
3. As memorias de verificación deberán incluír o número de créditos recoñecibles por estudos universitarios non oficiais. O volume de créditos recoñecibles a partir destes estudos

universitarios non oficiais, xunto cos procedentes da experiencia profesional e laboral, regulados no artigo 12, non poderá superar o 15 % do total de créditos que configuran o plan de estudos do título que se pretende obter.

4. Como excepción, poderá superarse esta porcentaxe ata chegar incluso a recoñecerse a totalidade dos créditos que proveñen de estudos universitarios non oficiais, a condición de que o correspondente título non oficial deixe de impartirse e sexa extinguido e substituído polo novo título universitario oficial no cal se recoñezan os créditos académicos.

5. Estes créditos recoñecidos non contarán con cualificación numérica e, polo tanto, non poderán utilizarse no momento de baremar o expediente do estudantado.

Artigo 12. Recoñecemento de créditos por experiencia profesional e laboral previa

1. A acreditación da experiencia profesional e laboral poderá ser recoñecida como créditos académicos utilizados para obter un título de carácter oficial, sempre que se mostre estreitamente relacionada cos coñecementos, competencias e habilidades propias do título universitario oficial.

2. De maneira preferente, sempre que o plan de estudos recolla a posibilidade ou a necesidade de realizar prácticas, o recoñecemento de créditos por experiencia laboral ou profesional aplicarase a este tipo de materias.

3. Poderase propoñer o recoñecemento de créditos por experiencia laboral ou profesional noutras materias ou disciplinas, atendendo á singularidade da actividade profesional acreditada polo estudantado e á súa relación coas disciplinas e materias concretas para as que solicita recoñecemento.

4. O recoñecemento de créditos ECTS pola experiencia profesional e laboral realizarase tendo en conta a duración e a dedicación da actividade, aplicando os criterios de conversión establecidos pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia."

5. As memorias de verificación deberán incluír o número de créditos recoñecibles a partir da experiencia profesional ou laboral. O volume de créditos recoñecibles a partir desta experiencia, xunto cos procedentes de estudos universitarios non oficiais, regulados no artigo 11, non poderá superar o 15 % do total de créditos que configuran o plan de estudos do título que se pretende obter.

6. Estes créditos recoñecidos non contarán cunha cualificación numérica e, polo tanto, non poderán utilizarse no momento de baremar o expediente do estudantado.

Artigo 13. Recoñecemento de créditos cursados en estancias de mobilidade

1. O recoñecemento de créditos cursados en estancias de mobilidade rexerase polo establecido no Regulamento de mobilidade internacional da Universidade de Vigo e o Programa de mobilidade de grao SICUE da CRUE.

2. No caso de estudos cursados previamente na Universidade de Vigo como visitante ou en virtude de programas de mobilidade, recoñeceranse directamente os créditos se non se

modificou o plan de estudos. De ser o caso, aplicaranse as táboas de recoñecemento previstas na memoria da titulación.

Artigo 14. Recoñecemento de créditos por adaptación de estudos

1. A adaptación consiste en establecer a equivalencia entre as materias ou os créditos, dun plan de estudos que se extingue, superados na mesma universidade e as materias ou os créditos do novo plan de estudos que o substitúe. As materias equivalentes considéranse superadas no novo plan de estudos.

Apartado 1 redactado segundo a corrección de erros no regulamento de recoñecemento e transferencia de créditos académicos nas titulacións oficiais de grao e de mestrado da Universidade de Vigo, aprobada en Consello de Goberno na sesión do 10 de outubro de 2025 e publicado no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo o 17 de febreiro de 2025.

2. De acordo co establecido na Resolución reitoral, do 22 de xuño de 2016, sobre as oportunidades de avaliación nos plans de estudo de grao en extinción, a supresión de titulacións ou de plans de estudos será progresiva e deberá garantir o dereito do estudantado a rematar os seus estudos nas condicións nas que os iniciou. Polo tanto, o estudantado poderá optar entre continuar os estudos no marco do plan iniciado ou adaptarse ao novo plan de estudos, mentres non se extinga a titulación ou o plan de estudos e teña dereito á avaliación.

3. Se o estudantado opta pola adaptación ao novo plan de estudos, os créditos, disciplinas e materias superadas correspondentes aos estudos equivalentes cursados nun plan extinguido ou en proceso de extinción, poderase adaptar ao novo plan que substitúe o anterior, en aplicación da táboa recollida na modificación da memoria de verificación no novo plan de estudos.

4. As materias recoñecidas por adaptación levarán a mención de «adaptada».

5. Estas adaptacións implicarán o dereito do estudantado a un novo número máximo de convocatorias, sen que computen as xa esgotadas.

6. As materias suspensas no plan de estudos de orixe non computarán para os efectos de solicitude de avaliación por compensación cando se estea a cursar un novo plan.

7. As materias superadas por avaliación por compensación no plan de estudos de orixe poderán ser adaptadas ao novo plan.

Artigo 15. Recoñecemento de créditos en titulacións oficiais previas ao EEES

1. Poderán ser recoñecidos en títulos universitarios oficiais de grao os créditos obtidos en estudos finalizados ou parciais dun título oficial español de diplomatura, arquitectura técnica, enxeñaría técnica ou maxisterio; licenciatura, arquitectura e enxeñaría, sempre atendendo á coherencia académica e formativa dos coñecementos, ás competencias e ás habilidades que definen as materias para recoñecer coas existentes no plan de estudos do título ao que se quere acceder.

2. Poderán ser recoñecidos en títulos universitarios oficiais de mestrado os créditos superados en estudos finalizados ou parciais dun título oficial español de licenciatura, enxeñaría superior

ou arquitectura, sempre que procedan de materias vinculadas aos segundos ciclos das citadas titulacións e créditos cursados en ensinanza oficial de doutoramento, sempre atendendo á coherencia académica e formativa dos coñecementos, ás competencias e ás habilidades.

3. As persoas que accedan a ensinanza de mestrado universitario, cursando os complementos de formación establecidos para a súa titulación de acceso pola comisión académica do mestrado, poderían obter o recoñecemento deses créditos con relación aos coñecementos, competencias e habilidades adquiridas nos estudos precedentes e a súa adecuación co plan de estudos do mestrado universitario correspondente.

TÍTULO III. VALIDACIÓN DE ESTUDOS ESTRANXEIROS

Artigo 16. Recoñecemento de créditos por validación parcial de estudos cursados en titulacións estranxeiras

1. De acordo co establecido no Real decreto 889/2022, do 18 de outubro, polo que se establecen as condicións e os procedementos de homologación, de declaración de equivalencia e de validación de ensinanza universitarias de sistemas educativos estranxeiros e polo que se regula o procedemento para establecer a correspondencia ao nivel do Marco español de cualificacións para a educación superior dos títulos universitarios oficiais pertencentes a ordenacións académicas anteriores, a validación de estudos universitarios estranxeiros, ou de períodos destes, por estudos universitarios españois parciais correspóndelle á universidade española onde se solicitou a devandita validación.

2. Poderán ser obxecto de validación os estudos universitarios estranxeiros oficiais no seu país de orixe, impartidos nunha universidade ou institución de educación superior oficialmente recoñecida nese país e cursados pola persoa interesada, aínda que non se completasen e non se obtivese o título universitario ao que conducen estes estudos.

3. Non poderán ser obxecto de validación estudos universitarios estranxeiros se concorren algunhas das causas de exclusión recollidas no artigo 4.2.b), c) e d) do Real decreto 889/2022. <https://www.boe.es/boe/dias/2022/10/19/pdfs/BOE-A-2022-17045.pdf>

4. O traballo de fin de grao ou o traballo de fin de mestrado universitario non poderán ser obxecto de validación.

5. Cando os estudos conclúsen coa obtención dun título estranxeiro que dá acceso a unha profesión regulada en España, a persoa interesada poderá optar entre solicitar a homologación polo título universitario español correspondente ou a validación de estudos, tendo en conta que ambas as posibilidades non se poden solicitar simultaneamente.

6. Nos supostos nos que se solicitase a homologación e esta fose desfavorable ou, sendo condicionada, transcorrese o período máximo de superación dos requisitos formativos complementarios sen acreditarse a súa superación, as persoas interesadas poderán solicitar a validación deses estudos universitarios.

7. Unicamente se poderán recoñecer/validar as materias superadas por cada estudante sempre

que as competencias acreditadas, os contidos e a carga lectiva se consideren incluídas en materias dun plan de estudos conducente á obtención do título oficial ao que pretende acceder.

8. Non se admitirán solicitudes de validación parcial de estudos estranxeiros para plans de estudos extinguidos ou en proceso de extinción.

TÍTULO IV. TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS

Artigo 17. Definición

A transferencia de créditos académicos consiste na inclusión, no expediente académico e no suplemento europeo ao título, da totalidade dos créditos obtidos en ensinanzas oficiais do mesmo nivel cursadas previamente, indistintamente da universidade, que non conduciron á obtención dun título universitario oficial.

Artigo 18. Criterios xerais

1. A transferencia de créditos realizarase tras a solicitude da persoa interesada, mediante a presentación da certificación académica correspondente, sempre e cando a ensinanza universitaria anterior non estea concluída e os citados créditos non poidan ser obxecto de recoñecemento, tal e como se recolle no título II.
2. Os créditos transferidos ao expediente do estudantado figurarán nunha epígrafe de «transferencia de créditos», e recollerán a universidade onde se cursaron os estudos, a titulación en que se cursaron, a denominación de cada materia ou actividade académica, os créditos e o curso académico en que se superou cada unha delas, xunto coa cualificación obtida.
3. A transferencia de créditos debe solicitarse a persoa interesada no prazo establecido na convocatoria anual de matrícula, sempre con anterioridade á solicitude do título correspondente.
4. A transferencia de créditos só se producirá cando a ensinanza de orixe estea adaptada á actual ordenación das ensinanzas universitarias.

TÍTULO V. PROCEDEMENTO DE RECOÑECEMENTO E DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS

Artigo 19. Solicitude de recoñecemento e de transferencia de créditos

1. Os procedementos de recoñecemento e de transferencia de créditos, así como o de validación parcial de estudos estranxeiros, inicianse por solicitude da persoa interesada.
2. O estudantado solicitante deberá estar matriculado na titulación na que desexa obter recoñecemento de créditos no momento de realizar a solicitude, agás nas solicitudes de admisión por recoñecemento de créditos ou de admisión por validación parcial de estudos estranxeiros.

3. A persoa interesada deberá presentar a súa solicitude a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da universidade acompañada da documentación xustificativa indicada nos seguintes artigos, indicando, no caso de recoñecementos, as materias de orixe e as materias para as que solicita o recoñecemento.

4. Para as solicitudes de recoñecemento entre materias de estudos de grao os prazos serán os seguintes:

a) Nos meses de xuño, xullo e agosto.

b) Quen formalice a matrícula en setembro e outubro poderá solicitalo no momento de matricularse.

c) Quen tendo pendentes cualificacións, resulte admitido por calquera vía, poderá solicitalo nos 15 días seguintes ao completar o expediente.

d) O recoñecemento de créditos pola realización de actividades universitarias pode solicitarse en calquera momento do curso académico.

5. Para as solicitudes de recoñecemento de estudos de mestrado, haberá dous prazos, que serán en setembro e en febreiro.

Artigo 20. Documentación para o recoñecemento e a transferencia de créditos

1. Para a solicitude de recoñecemento de créditos por estudos universitarios nacionais, deberá achegarse:

a) Certificación académica persoal, SET ou copia compulsada da certificación académica na que conste a formación recibida, o ano académico e as cualificacións, cando os estudos de orixe non sexan da Universidade de Vigo. No caso de certificacións electrónicas, só serán admitidas as que inclúan un código seguro de verificación que garanta a integridade do documento mediante o seu cotexo.

b) Programa ou guía docente da materia ou actividade académica que se corresponda, co curso académico de superación, na que deben figurar as competencias, os coñecementos asociados e o número de créditos ou de horas ou semanas por trimestre, cuatrimestre, semestre ou ano, coa ligazón á páxina web de descarga ou co selo do centro de orixe correspondente. No caso de que sexan varias materias ou actividades académicas, os programas deberán estar debidamente paxinados e precedidos obrigatoriamente dun índice no que se sinalen as páxinas nas que se atopen cada unha das materias das que se solicite o recoñecemento.

c) Plan de estudos ou cadro de materias esixidas para superar os estudos previos, expedido polo centro de orixe, coa ligazón á páxina web de descarga ou co selo correspondente.

d) Outra documentación adicional que poida ser pertinente para a tramitación e a resolución da solicitude.

No caso de ser precisa a verificación de documentación orixinal, solicitaráselle ao estudantado que a presente na área académica do seu centro. De non entregar a documentación no prazo

outorgado, entenderase que desiste da súa solicitude, tras a resolución do arquivo.

2. Para a solicitude de recoñecemento de créditos por experiencia laboral ou profesional, deberá achegarse:

- a) Unha copia do seu informe de vida laboral ou certificado de servizos prestados, coa indicación da categoría laboral ou profesional e as datas de inicio e de fin no posto.
- b) Un informe sobre as actividades realizadas, avalado coa sinatura dunha persoa responsable da empresa ou institución na que se levaron a cabo. No seu defecto, poderase achegar a copia do contrato de traballo no que se recollan as actividades realizadas.
- c) No caso de realizar unha actividade profesional por conta propia, a copia da inscrición ante a administración da actividade, coas datas de alta e, de ser o caso, baixa.
- d) No caso de persoas beneficiarias dunha bolsa será preciso achegar a credencial de bolseiro/a ou acreditación equivalente.

3. Para a solicitude de recoñecemento de estudos finalizados de educación superior non universitarios, deberá achegarse adicionalmente á documentación xeral aplicable:

- a) A copia da certificación académica na que se recolla a nota media dos estudos.
- b) A xustificación documental que exprese a data de solicitude de expedición do título.

4. Para a solicitude de recoñecemento por estudos universitarios non oficiais deberá achegarse:

- a) Copia do título dos estudos universitarios non oficiais realizados.
- b) Certificación académica na que consten as materias realizadas, salvo que estas xa figuren no reverso do título.

Artigo 21. Documentación para o recoñecemento e a validación parcial de estudos estranxeiros

1. No caso de solicitarse o recoñecemento de estudos cursados en titulacións estranxeiras, deberá achegarse:

- a) A copia do documento de identificación da persoa solicitante. No caso de que non se acredite suficientemente a identidade, poderá requirirse unha certificación do rexistro civil do país de orixe.
- b) A certificación académica na que figuren a denominación dos estudos e a titulación á que conducen os citados estudos, as materias e as actividades superadas, as cualificacións, a carga lectiva horaria (no caso de que figure en créditos, deberá entregarse unha certificación da equivalencia dos créditos en horas lectivas) e a escala de cualificacións.
- c) O plan de estudos da titulación, coa ligazón á páxina web de descarga ou co selo da institución de orixe.
- d) Os programas de estudos de cada unha das materias e actividades académicas das que solicita o recoñecemento do curso académico de superación da materia ou actividade académica, nos que figuren os obxectivos, os coñecementos adquiridos e, de ser o caso, as prácticas realizadas, con indicación expresa das materias da titulación de destino para as que

se solicita o recoñecemento. Tales programas deberán estar debidamente paxinados e precedidos obrigatoriamente dun índice no que se sinalen as páxinas nas que se localicen as materias e as actividades académicas das que se solicita o recoñecemento.

e) No caso de que se conclúsen os estudos, a declaración responsable de non ter solicitada a homologación en España, xunto coa copia do título universitario ou equivalente. No caso de non ter expedido aínda o título, unha copia do documento que acredite a súa solicitude.

f) Se a homologación do título foi denegada, debe entregarse unha copia da resolución de denegación.

2. Os documentos nos que se recollan as certificacións académicas deberán estar legalizados coa apostila do Convenio da Haia, ou se o país non é asinante, legalizados por vía diplomática.

3. Exceptúanse os expedidos por países da Unión Europea, Espazo Europeo de Educación Superior, ou signatarios do acordo do Espazo Económico Europeo e Suíza.

4. Se os documentos están expedidos noutros idiomas distintos ao galego e ao castelán, deberán estar traducidos a unha destas linguas por unha persoa tradutora-intérprete xurado ou polas misións diplomáticas e oficinas consulares.

5. No caso de que o tradutor/a sexa estranxeiro, deberá legalizarse a tradución vía apostila do Convenio da Haia ou a través da representación consular española.

6. Aceptarase no proceso de admisión a documentación sen a legalización, que se deberá achegar unha vez admitida a persoa solicitante. Se durante o proceso de admisión xorden dúbidas sobre a documentación presentada non legalizada, requiriráselles ás persoas interesadas para que emenden ou melloren a súa solicitude.

7. A falta de presentación da documentación legalizada no momento de formalizar a matrícula é unha causa de anulación desta e cando proceda convocarase a seguinte persoa da listaxe de agarda.

Artigo 22. Tramitación, resolución e recursos no caso de recoñecemento de créditos

1. Unha vez examinadas as solicitudes de recoñecemento pola área académica de estudos de grao ou de posgrao do centro correspondente, de precisarse unha emenda por parte da persoa interesada, daráselle un prazo de 5 días hábiles para que emende a solicitude. De non entregar a documentación no prazo outorgado, entenderase que desiste da súa solicitude, tras a resolución do arquivo.

2. As solicitudes serán resoltas polo reitor ou reitora, que delegará nos decanos ou decanas e directores ou directoras, informados pola xunta de centro ou comisión na que delegue, ou pola comisión académica de mestrado.

3. Os prazos de resolución serán:

a) Antes do 30 de setembro para as solicitudes presentadas nos meses de xuño, xullo e agosto.

b) Como máximo nun prazo dun mes contado desde o seguinte ao da data da formalización da matrícula para as solicitudes referidas no artigo 19.4.b).

- c) Antes do 30 de setembro para as solicitudes pendentes de cualificacións, ás que se refire o artigo 19.4.c).
4. A resolución de recoñecemento deberá motivarse, en todo caso, pronunciándose sobre os seguintes extremos:
- a) As materias recoñecidas na titulación de destino e a súa equivalencia na titulación de orixe.
 - b) Os créditos e as materias non recoñecidos, expresando o motivo da denegación de tal recoñecemento. No caso de que o recoñecemento dunha ou varias materias fose desfavorable, deberá expresarse cales son os resultados da aprendizaxe non adquiridos pola persoa solicitante.
 - c) De ser o caso, os créditos recoñecibles pola experiencia profesional e laboral previa e a súa correspondencia na titulación. No caso dunha resolución desfavorable, deberá motivarse cales son as competencias, coñecementos ou habilidades non acreditadas.
5. A resolución deberá notificárselle á persoa interesada outorgando un prazo improrrogable de 10 días hábiles para modificar a súa matrícula nese curso académico. No citado prazo, cabe a renuncia total ou parcial aos recoñecementos.
6. De non existir unha actuación expresa por parte do estudantado, incorporaranse os créditos recoñecidos ao expediente.
7. Contra as resolucións ditadas, a persoa interesada poderá interpoñer un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes.

Artigo. 23. Procedemento de transferencia de créditos

O disposto nos artigos desde título aplicaranse ás solicitudes de transferencia de créditos, de ser o caso.

Disposición adicional

A Reitoría ditará as disposicións e as instrucións previstas para interpretar e desenvolver este regulamento.

Disposición transitoria primeira

As referencias a ámbitos de coñecemento neste regulamento entenderanse como ramas de coñecemento ata que se produza a adscrición efectiva destas a un dos ámbitos de coñecemento establecidos no Anexo I do Real decreto 822/2021, do 28 de setembro.

Disposición transitoria segunda

A presente normativa non será de aplicación ao estudantado que iniciase os seus estudos con anterioridade á súa entrada en vigor, salvo no caso de previsións que impliquen unha mellora das súas condicións académicas.

Disposición derogatoria

Queda derogada a Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos da Universidade de Vigo, aprobada no consello de goberno do 21 de marzo de 2018, así como todas as instrucións e aclaracións derivadas dela.

Disposición final

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte á súa aprobación no Consello de Goberno.